

**CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
E O COLEXIO DE REXISTRADORES DA PROPIEDAD, MERCANTÍS E BENS MOBLES
DE ESPAÑA - DECANATO AUTONÓMICO DE GALICIA.**

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2022.

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, o **Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España (en diante, o Colexio de Rexistradores)**, representado neste acto por D. María Núñez Núñez, quen actúa na súa condición de decana da Xunta de Goberno do Decanato Autonomico de Galicia, en virtude da delegación aprobada por acordo da Xunta de Goberno do Colexio con data do 14 de decembro de 2021 e do disposto no art. 36 do Real decreto 483/1997, do 14 de abril, polo que se aproban os estatutos xerais da citada Institución.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a firma do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao amparo do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO. Segundo o establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, e en particular, as relacións e apoio ás persoas

e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO. O Ilustre Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade, con competencia sobre os seus colexiados en todo o territorio nacional, segundo define o Real decreto 483/1997, do 14 de abril, polo que se aproban os seus estatutos. Ten como fins, entre outros, o de colaborar coas administracións públicas e institucións, prestando os servizos e realizando as funcións que lle sexan propias en interese delas. O Decanato Autonómico ou Territorial de Galicia ten entre as súas funcións a de velar polos intereses dos rexistradores no ámbito específico do seu territorio, así como aquelas outras competencias delegadas pola Xunta de Goberno do Colexio.

Dentro das funcións propias dos rexistradores atópase a organización e xestión das bases de datos necesarias para realizar a función de publicidade instrumental, institucional e estatística das titularidades, dereitos e situación inscritas nos rexistros da propiedade, así como a expedición, de forma exclusiva, da publicidade formal.

CUARTO. O Colexio de Rexistradores, como entidade integrante da sociedade galega na que se desenvolve, é consciente da problemática orixinada pola emigración e desexa colaborar desinteresadamente para paliar, dentro das súas posibilidades e no ámbito das súas competencias, a ausencia de información sobre a existencia de bens inmobles dos que poden ser titulares todas aquelas persoas que actualmente se atopan fóra das nosas fronteiras por razón da emigración. Deste xeito pode contribuir a conseguir un dos principais fins da Secretaría Xeral da Emigración, como é o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior e o achegamento e integración da emigración galega.

QUINTO. En virtude do exposto e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes consideran establecer un instrumento de cooperación institucional mediante a formalización do presente convenio de colaboración, o cal se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes co fin de realizar as actuacións precisas e necesarias para a detección de inmobles propiedade das persoas emigrantes galegas.

SEGUNDA. Deberes das partes

1. O Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España, comprométese a:

- a) No seu ámbito de actuación, realizar as pescudas que posibiliten determinar a titularidade de bens inmobles pertencentes a persoas emigrantes galegas que se axusten ao seguinte perfil:
 - Ser galego/a.
 - Persoa emigrada ou descendente.
 - As persoas solicitantes, ou os seus ascendentes, tiveron que ser propietarias de bens inmobles.
- b) Facelo de forma desinteresada sen que supoña ningún custo para a Administración.
- c) Comunicarlle os resultados á Secretaría Xeral da Emigración.

2. A Secretaría Xeral da Emigración, comprométese a:

- a) Remitir ao Decanato do Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España –Xunta Territorial de Galicia- as solicitudes de información que se realicen sobre o obxecto do Convenio.
- b) Axustar as solicitudes de información ao modelo de publicidade proposto polo Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España.

TERCEIRA. Financiamento

O presente convenio carece de dotación orzamentaria, posto que non xera nin dá lugar a ningunha prestación económica entre as partes.

CUARTA. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de velar polo cumprimento do presente convenio, poderá constituírse unha Comisión de Seguimento integrada por unha persoa representante de cada unha das partes asinantes, que será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio.

Esta comisión terá competencias para avaliar casos concretos e determinar se o solicitado se axusta ao obxecto do convenio, e coñecerá de calquera outra circunstancia que polas súas características deba ser estudada pola Comisión de Seguimento. Os acordos que adopte serán inmediatamente executivos.

QUINTA. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa firma e terá unha duración de catro anos. Antes de que finalice o prazo de vixencia do convenio, as partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEXTA. *Modificación, extinción e resolución do convenio*

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por calquera das seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento dos deberes e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

SÉTIMA. *Natureza*

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As partes comprométese a colaborar en todo o que lles sexa de aplicación para a efectiva adecuación do presente convenio aos trámites previstos na citada norma.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola comisión paritaria de seguimento prevista na estipulación cuarta. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA. *Publicidade*

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de Transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto), e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

NOVENA. *Tratamento de datos persoais*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

As partes quedan informadas de que os datos de contacto que constan no acordo serán tratados coa finalidade de permitir o seu desenvolvemento, cumprimento e control; o cumprimento da relación establecida é a base na que se sustenta o tratamento e os datos conservaranse durante todo o tempo en que esa relación subsista e aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas dela.

Os datos das partes poderán ser comunicados a terceiros unicamente na medida na que fose necesario para cumprir coas súas respectivas obrigacións contractuais ou legais, de conformidade coa normativa vixente. Os datos tratados para os efectos de subscribir o presente convenio son necesarios para a súa efectiva subscripción; a negativa a facilitalos podería supor a imposibilidade da súa subscripción. As partes afectadas poderán solicitar o acceso aos datos persoais, a súa rectificación, supresión, portabilidade e a limitación do seu tratamento, así como oporse a el, e poderán interpor, en caso de vulneración de dereitos, unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, sita na rúa Jorge Juan, nº 6, Madrid (www.aepd.es).

En canto ao CORPME como responsable do tratamento (cuxos datos identificativos constan no encabezado do documento) os interesados poderán dirixirse ao Delegado de Protección de Datos, cuxo dato de contacto é dpo@corpme.es, para exercer os seus dereitos e para calquera cuestión relativa a protección de datos de carácter persoal respecto do acordo suscrito.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración da Xunta
de Galicia



Antonio Rodríguez Miranda

A decana autonómica de Galicia do
Colexio de Rexistradores



María Núñez Núñez